

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 2 de marzo de 2016

Ás 12:55 horas do día 2 de marzo de 2016, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

Asistentes:

Araújo Figueroa, Isaac Borja

Arias Martínez, María Antonia

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Ruiz Hidalgo, Carmen

Torres Pérez, Francisco José

Tamén asiste a Secretaria da Facultade, M^a Cruz Barreiro Carril.

Excusan asistencia:

Martínez Hens, Elena

1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.

Apróbase acta da sesión anterior.

2.- Informes da Sra. Decana.

2.1.- Seguimento dos PAM dos diferentes títulos.

As persoas coordinadoras dos diversos títulos presentes na reunión informan sobre o seguimento dos Plans de Accións de Mellora (PAM) dos títulos. Como regra xeral, advírtese, que se incorporaron como datas de seguimento e execución o final do mes de maio e xullo respectivamente.

3.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Asignación de Taquillas do Centro.

En relación con Regulamento que foi obxecto de debate e aprobación na anterior Comisión de Calidade pero que despois non obtivo o respaldo da Xunta de Facultade, fixéronse unha serie de modificacións de común acordo co alumnado.

Apróbase.

4.- Aprobación, se procede, do orzamento do Centro e propostas de gasto para o presente exercicio (2016).

O criterio seguido para consignar as diferentes partidas de gasto do 2016 ten sido non esgotar todo o orzamento e tan só executar en proporción aos primeiros seis meses do ano dado o cambio de equipo decanal que terá lugar tralas eleccións de setembro.

Dito isto, e consonte ao previsto no procedemento de apoio PA07, Jaime Aneiros (Vicedecano de infraestruturas do Centro) pasa a repasar ás principais partidas que será obxecto de execución. En particular fai referencia a: Fondos bibliográficos, Toldo exterior do Bloque A, Estores tanto na parte de sol como e sombra nos despachos do profesorado. Asimesmo sinalanse outras necesidades que deberían ser cubertas como a iluminación das aulas ou o cambio de certos proxectores que funcionan mal.

Avanzadas estas cuestións, no que atinxe ao orzamento **apróbase os seguintes tres documentos**: a memoria de liquidación do orzamento, a distribución do orzamento, e as propostas de gasto citadas.

5.- Aprobación, se procede, dos recoñecementos de actividades de xestión docente do Centro para o curso 2016/2017.

A distribución dos recoñecementos docentes para o vindeiro curso, faise consonte a táboa que se xuntou como documentación para esta comisión. Na mesma destacan os seguintes recoñecementos: pertenza a Tribunais TFG (7 horas cada integrante); Titores PAT 16/17 (5 horas cada membro); Coordinación de Graos (55 horas Dereito; 45 horas RRLL e RRHH); Coordinación de Calidade (38 horas); Coordinación Prácticas Externas curriculares e extracurriculares (30 horas); Coordinación de materias (9 ECTS: 5 horas; 6 ECTS: 3 horas).

Apróbanse.

6.- Aprobación, se procede, da PDA do Centro para o curso 2016/2017.

Tras informarse por parte da Decana e da secretaria da Facultade das principais características da PDA dos graos en Dereito e RRLL e RRHH

Apróbase.

7.- Aprobación, se procede, da PDA do Programa de Simultaneidade ADE-Dereito 2016/2017.

Apróbase.

Neste momento deixa a reunión o Secretario da comisión, Francisco Torres, asumindo as funcións de secretaria María Antonia Arias.

8.- Aprobación, se procede, da modificación do plano de estudos do Curso Complementario.

Advírtese un erro na formulación deste punto. O que se debe aprobar é a suspensión do curso complementario. Trataríase dunha suspensión temporal durante dous cursos ata que chegue a implantación do cuarto curso no plan novo (isto é, no curso 18/19)

Apróbase.

9.- Rolda de intervencións.

Non hai intervencións.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez